



Facultade de Filoloxía e Tradución

(*)

Horarios

Horarios

http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=74

Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios

Materias

Curso 2

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V01G400V01301	Lingua e comunicación oral e escrita: galego	1c	9
V01G400V01302	Lingua e comunicación oral e escrita: español	1c	9
V01G400V01303	Lingua portuguesa II	1c	6
V01G400V01304	Obras principais das literaturas galega e lusófona	1c	6
V01G400V01401	Sociolingüística	2c	6
V01G400V01402	Retórica e poética	2c	6
V01G400V01403	Latín e literatura grecolatina	2c	6
V01G400V01404	Literatura comparada	2c	6
V01G400V01405	Literatura en lingua española	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS**Lingua e comunicación oral e escrita: galego**

Materia	Lingua e comunicación oral e escrita: galego			
Código	V01G400V01301			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Costas González, Xosé Henrique			
Profesorado	Costas González, Xosé Henrique Soto Andión, Xosé			
Correo-e	xcostas@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo alicerzar coñecementos teórico-prácticos da lingua galega nun nivel intermedio-alto oral e escrito nos distintos compoñentes lingüísticos: fónico, ortográfico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual.			

Competencias

Código	
CB1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG4	Mellora da capacidade de comunicación en español, galego e portugués en diferentes contextos profesionais, traballando as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas.
CG10	Integrar coñecementos e poder desenvolver un proceso de comunicación sólido a partir dunha información que, aínda que sexa incompleta, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas ao proceso comunicativo.
CE1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
CE2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
CE18	Capacidade para localizar, utilizar e aproveitar a información contida en bases de datos e outros instrumentos informáticos e Internet.
CE20	Coñecemento teórico e práctico dos dicionarios do español/galego/portugués nos seus diferentes formatos.
CT1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT5	Capacidade de xerar novas ideas.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
CT10	Capacidade de análise e síntese.
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
CT12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Consolidación de aspectos teóricos e prácticos avanzados do galego oral e escrito nos distintos niveis lingüísticos (léxico-semántico, morfosintáctico, fónico e ortográfico) e discursivos	CB1	CG4	CE1	CT1
	CB2	CG10	CE2	CT2
	CB4		CE18	CT5
	CB5		CE20	CT8
				CT10
				CT11
			CT12	

Contidos

Tema	
1.- Situación de contacto galego-castelán en Galicia: as interferencias recíprocas.	1.1.- Interferencias históricas (léxico) 1.2.- Interferencias recentes (fonética, fonoloxía, morfoloxía, sintaxe e léxico).
2.- A comunicación escrita en galego	2.1.- As Normas oficiais. Outras propostas non oficiais. 2.2.- Niveis e rexistros de lingua. 2.3.- Textos especializados: características. 2.4.- Recursos tecnolóxicos para a escrita en galego: dicionarios, correctores, glosarios especializados etc.
3.- A comunicación oral en galego	3.1.- Breve descrición fonética e fonolóxica do galego: interferencias e ortofonía. Niveis e rexistros. 3.2.- Prosodia e entoación. 3.3.- Sintaxe e oralidade.
4.- Léxico e fraseoloxía do galego	4.1.- A restauración léxica do galego. Estandarización. 4.2.- Fraseoloxía do galego.
5.- Comunicación e calidade lingüística en galego	5.1.- Medios de comunicación escritos. 5.2.- Medios de comunicación audiovisuais. 5.3.- Comunicación institucional.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Eventos científicos	0	4	4
Resolución de problemas	15	30	45
Presentación	5	12	17
Traballo tutelado	0	30	30
Actividades introdutorias	2	6	8
Lección maxistral	41	30	71
Saídas de estudo	5	25	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	8	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	4	6
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	4	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Eventos científicos	Conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates etc., impartidos por relatores de prestixio e que complementen a formación do alumnado. O alumnado semipresencial poderá ter información destas actividades.
Resolución de problemas	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia contida en cada un dos bloques temáticos e subapartados. Para o alumnado semipresencial faranse seminarios especiais cada catro semanas para resolución de problemas e exercicios.
Presentación	Exposición inividual oral por parte do alumnado dun traballo sobre un dos subtemas do programa. O alumnado semipresencial fará estas exposicións nas sesións de seminarios ou titorías expresamente sinaladas para el. Flexibilidade de datas para facilitar a conciliación.
Traballo tutelado	Elaboración dun traballo proposto polo docente que permita avaliar o coñecemento oral e escrito do alumnado no relativo ao dominio da lingua, técnicas e métodos de comunicación e exposición etc. Nas titorías ou seminarios para alumnado semipresencial tamén se avaliará a corrección oral.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre un tema, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas, directrices dun traballo ou exercicio etc. Ao alumnado semipresencial facilitaráselle por teledocencia ou en titorías ad hoc todo tipo de materiais empregados nas aulas.
Saídas de estudo	Saídas de estudo a territorios onde se falen variedades diatópicas diferenciadas do estándar para a súa audición in situ. Saídas de estudo a centros de difusión do estándar (TVG, RG, RAG, estudos de dobraxe, servizos de normalización etc.).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Resolución de problemas	O alumnado presencial e semipresencial recibirá atención personalizada para clarificar e resolver dúbidas sobre problemas e exercicios, que terá lugar no despacho do profesor e nalgúns casos a través de faitic e do correo electrónico. Dende a coordinación de grao ou por iniciativa do propio docente da materia hanse establecer datas concretas para que o alumnado semipresencial acuda a falar co profesor. O alumnado presencial e semipresencial tamén poderá acudir ao despacho do profesor a resolver problemas e exercicios durante as horas de titorías ou noutras que previamente acorde co docente. Recoméndase ao alumnado o emprego regular destes medios para a mellor comprensión e asimilación dos contidos da materia. As datas poden flexibilizarse en función da conciliación.
Traballo tutelado	O alumnado presencial e semipresencial recibirá atención personalizada para resolver dúbidas e problemas relacionados cos traballos que debe realizar. A atención pode flexibilizarse máis en función da conciliación. Recoméndase ao alumnado o emprego regular destes medios para a mellor comprensión e asimilación dos contidos da materia.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas			
Eventos científicos	Asistencia a algunha actividade de formación paralela relacionadas coa materia	2	CB1 CB2 CB4 CB5	CG4 CG10	CE1 CE2 CE18 CE20	CT1 CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 CT12
Resolución de problemas	Actividades semanais ou cada dúas semanas en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.	10	CB1 CB2 CB4 CB5	CG4 CG10	CE1 CE2 CE18 CE20	CT1 CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 CT12
Presentación	Exposición oral individual por parte do alumno, diante do docente, e/ou dun grupo de estudantes, dun tema que verse sobre contidos da materia ou dos resultados de traballos, exercicios, un proxecto, etc. Terase en conta a corrección oral. Esta exposición terá lugar no último mes de curso.	5	CB1 CB2 CB4 CB5	CG4 CG10	CE1 CE2 CE18 CE20	CT1 CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 CT12
Traballo tutelado	Elaboración de 1 traballo longo ou dous traballos máis curtos propostos polo docente, que permitan avaliar a competencia do alumnado no relativo ao dominio da lingua, técnicas e mecanismos de redacción dun texto. Terase en conta a corrección escrita.	15	CB1 CB2 CB4 CB5	CG4 CG10	CE1 CE2 CE18 CE20	CT1 CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 CT12
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exercicios semanais de tipo práctico e reposta breve e rápida.	8				
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exercicio compilatorio de toda a teoría e práctica exposta nas aulas. Combínanse preguntas teóricas con exercicios prácticos sobre temas do programa. Esta proba (na data oficial da FFT) pode completarse cunha entrevista con cada un dos alumnos para avaliar a competencia en comunicación oral. As datas de realización poden flexibilizarse por mor da conciliación.	55	CB1 CB2 CB4 CB5	CG4 CG10	CE1 CE2 CE18 CE20	CT1 CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 CT12
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución semanal ou quincenal de problemas e exercicios de ámbito oral e escrito, relacionados coa comunicación lingüística, coa corrección de textos así coma co coñecemento da lingua estándar e dos rexistros, coa fraseoloxía, a oralidade, a tipoloxía textual, etc.	5	CB1 CB2 CB4 CB5	CG4 CG10	CE1 CE2 CE18 CE20	CT1 CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 CT12

Outros comentarios sobre a Avaliación

Convocatoria 1: na primeira edición de actas (xaneiro/maio), o estudantado será avaliado ben mediante o sistema de avaliación continua, con asistencia a clase (que é un dereito, non un deber) dun mínimo do 80% agás para casos xustificadas de conciliación e que poidan seguir a materia por faitic mediante traballos diversos de curso) a través da

realización de probas, exercicios e traballos, ben mediante o sistema de avaliación única, que consistirá na realización dun exame na data marcada polo calendario oficial aprobado en xunta de FFT. A última proba do sistema de avaliación continua coincidirá co exame oficial marcado para o alumnado de avaliación única. Pode formar parte desta proba longa unha entrevista/conversa con cada un dos estudantes, que servirá para determinar o grao de competencia oral en lingua galega, ao longo das últimas semanas do curso conforme se ha concretar na aula e por faitic. Ao alumnado semipresencial só se lle esixe presencialidade para o exame escrito e oral e para certas cuestións puntuais de atención personalizada.

Convocatoria 2: na segunda edición de actas (xullo), o alumnado tanto de avaliación continua coma única deberá realizar un único exame, na data marcada polo calendario oficial aprobado en xunta de FFT, no que dará conta do seu coñecemento dos contidos da materia. Nesta convocatoria examínase só das partes suspensas, sempre que non superen o 50% do total de contidos. De superarse esta cifra, o alumnado debe examinarse da totalidade dos contidos. En posteriores convocatorias, fará falla recuperar toda a materia. Algunha data pode flexibilizarse para casos demostrados de conciliación, enfermidade...

O alumnado semipresencial deberá asistir a un mínimo de catro clases e tres titorías. O profesor porase en contacto con este alumnado a comezo de curso a través do correo electrónico, da plataforma faitic ou do campus remoto. O alumnado semipresencial poderá realizar as probas do sistema de avaliación continua, outras probas previamente acordadas co profesor ou presentarse a un exame de avaliación única na data marcada polo calendario oficial aprobado en xunta de FFT. Tocante a partes aprobadas ou suspensas, aplícase o mesmo criterio indicado anteriormente para o resto do alumnado. Poden acordar co profesor a realización de probas mediante o campus remoto da UVigo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez, R. /X. Xove, **Gramática da lingua galega**, 1º, Galaxia, 2002
Ballenato, G., **Comunicación eficaz**, 1º, Pirámide, 2013
Collard, G., **El arte de hablar en público**, 1ª, Mensajero, 2012
Bizcarrondo, G. / Urrutia, H., **Escribir y editar. Guía práctica para la redacción y edición de textos**, Universidade de Deusto, 2010
Carballeira, X. M., **Gran diccionario Xerais da lingua (2 vols)**, 1ª, Xerais, 2009
Editorial Ir Indo/Xunta de Galicia, **DIGALEGO**, Ir Indo/Xunta de Galicia, 2014
Estrela, E. et al., **Saber Escrever Saber Falar**, 12ª, Dom Quixote, 2013
Freixeiro, X. R., **Gramática da lingua galega (4 vols.)**, 2ª, A Nosa Terra, 2007
Instituto da Lingua Galega, **Diccionario de pronuncia da lingua galega**, ILG/USC, 2016
López, X. et al., **Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión**, 2ª, Baía, 2011
Real Academia Galega, **Diccionario da Real Academia Galega**, RAG, 2016
Real Academia Galega /Instituto da Lingua Galega, **Normas ortográficas e Morfolóxicas do idioma galego**, 23ª, RAG/ILG, 2012
Pena, X. R., **Diccionario Cumio de expresións e frases feitas (castelán-galego)**, 1ª, Edicións do Cumio, 2002

Bibliografía Complementaria

Cassany, D., **Afilar el lapicero**, 2ª, Anagrama, 2013
Costas, X. H., **Os xentilicios de Galicia e dos outros territorios da lingua galega**, 1º, Universidade de Vigo, 2016
Domínguez, C., **Técnicas de expresión oral. O uso expresivo da voz**, Galaxia, 2004
Davis, F., **La comunicación no verbal**, Alianza, 2011
Fernández, B. (dir.), **Diccionario de usos e dificultades da lingua galega**, 2ª, Galaxia, 2004
López, C. / Soto, R., **Diccionario de fraseoloxía galega**, 1ª, Xerais, 2008
Merayo, A., **Curso práctico de técnicas de comunicación oral**, Tecnos, 2012
Mosquera, E., **Didáctica da lingua e novos soportes comunicativos. A linguaxe SMS.**, 1ª, ASPG, 2013
Regueira, X. L., **Oralidades: reflexións sobre a lingua falada no século XXI**, 1ª, RAG, 2012
Ribeiro, Lair, **La Comunicación eficaz**, 2ª, Vintage, 2017
Rodríguez, A. (dir.), **La escritura cotidiana contemporánea: Análisis lingüístico y discursivo**, 1ª, Universidade de Vigo, 2011

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Sociolingüística/V01G400V01401
Fonética e fonoloxía da lingua galega/V01G400V01902
Lexicoloxía e fraseoloxía da lingua galega/V01G400V01904

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua e comunicación oral e escrita: español/V01G400V01302

Outros comentarios

O alumnado de intercambio debe posuír un nivel B2 de galego, portugués ou español.

Recoméndase cursar as materias do módulo de Lingua galega de 3º e 4º.

O alumnado recibirá nas clases e a través de Faitic nova bibliografía, ademais da que figura aquí.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesta proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

O alumnado presencial terá facilidades para a conciliación e poderán contemplarse excepcións na avaliación continua e nas porcentaxes de asistencia a aulas.

O alumnado semipresencial terá facilidades para a consecución do material, ben sexa a través da plataforma faitic ben sexa acordando datas de xuntanza co profesor. Isto último é de aplicación para as cuestións que demanden atención personalizada. Os exames escritos ou orais serán sempre presenciais para este alumnado.

É recomendable o uso periódico da biblioteca para consulta do material fornecido na bibliografía da materia e nas clases.

O alumnado é responsable de consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Faitic (documentos, exercicios, anuncios, cualificacións...) e de coñecer as datas nas que terán lugar as probas de avaliación.

Plan de Continxencias

Descrición

Tanto en ensino presencial coma no virtual (por campus remoto e faitic) mantemos as mesmas metodoloxías e probas de avaliación. Chegado o caso, as titorías presenciais convertémolas en virtuais a través do campus remoto e de faitic. Na modalidade mixta, na que unha parte do estudiantado permanecerá na clase, seguindo o resto do estudiantado as clases dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono dependendo da ferramenta que mellor se adapte a cada unha, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, adaptando os grupos e quendas para cumprir coa normativa sanitaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Lingua e comunicación oral e escrita: español**

Materia	Lingua e comunicación oral e escrita: español			
Código	V01G400V01302			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Sueiro Justel, Joaquín			
Profesorado	Sueiro Justel, Joaquín			
Correo-e	jsueiro@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	A materia revisa e reforza os coñecementos de lingua española que ten o alumnado. Ademais, a materia incide na aplicación práctica da norma académica adaptada á construción de discursos orais e escritos de carácter formal en contextos comunicativos diversos.			

Competencias

Código	
CB1	Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudiantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB4	Que o estudiantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudiantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Capacitación do estudiantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
CG9	Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
CE1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
CE2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
CE20	Coñecemento teórico e práctico dos dicionarios do español/galego/portugués nos seus diferentes formatos.
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT10	Capacidade de análise e síntese.
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Consolidación de aspectos teóricos e prácticos avanzados do español oral e escrito nos distintos niveis lingüísticos (léxico-semántico, morfosintáctico, fónico e ortográfico) e discursivos.	CB1	CG1	CE1	CT2
	CB2	CG9	CE2	CT10
	CB4		CE20	CT11
	CB5			

Contidos

Tema	
1. Norma e uso da lingua española.	1.1. Norma e uso. 1.2. A norma académica e o concepto de estándar culto en español. A política lingüística panhispánica da RAE 1.3. Orto(tipo)grafía, ortofonía e ortoloxía.
2. A comunicación oral en español.	2.1. O discurso oral formal. 2.2 Corrección e precisión lingüística. 2.3. A comunicación non verbal.
3. A norma académica e o léxico.	3.1. Corrección no léxico: neoloxismos, préstamos, cultismos; erros habituais. 3.2. Materiais de consulta: dicionarios, gramáticas, manuais de estilo.

4. Organización e creación de textos.

4.1. Aspectos de gramática normativa.

4.2. A linguaxe inclusiva e o funcionamento do xénero gramatical.

4.3. Coherencia, cohesión e adecuación.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	0	2
Lección maxistral	22	44	66
Resolución de problemas	40	81	121
Presentación	4	12	16
Traballo tutelado	2	10	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	3	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	3	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Recoméndase vivamente ao alumnado de réxime semipresencial que, de non poder asistir a esta sesión, na que se proporcionará información sobre o desenvolvemento e planificación do curso, se poñan en contacto coa docente por correo electrónico o antes posible para tratar estes asuntos.
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora de contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que oa alumna ou alumno ten que desenvolver. O alumnado de réxime semipresencial terá acceso aos materiais necesarios a través da plataforma de teledocencia.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións apropiadas ou correctas mediante a aplicación de diferentes rutinas ou procedementos. O alumnado de réxime semipresencial poderá acceder aos exercicios que se traballaron nas clases prácticas a través da plataforma de teledocencia; poderá entregalos para a súa corrección e comentario, cando cumpra, a través dos medios dispostos (plataforma, correo electrónico, etc.) nos prazos que se determinen. Téñase en conta que parte dos temas que figuran na sección de "Contidos" non se abordará nas clases teóricas, senon que se tratará íntegramente nas sesións prácticas (o tema 3, por exemplo).
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante a docente e un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto...
Traballo tutelado	A alumna ou alumno, de maneira individual, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiarao na resolución das actividades e exercicios que se propoñan.
Presentación	A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiarao na preparación das presentacións ou exposicións orais.
Traballo tutelado	A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiarao na preparación dos traballos tutelados.

Avaliación			Cualificación	Competencias Avaliadas		
	Descrición					
Resolución de problemas	-Exame: exercicios, actividades ou problemas (20%). -Presentación de dous exercicios breves ao longo do cuadrimestre. (10%)	20	CB1 CB2	CG1	CE1 CE2 CE20	CT2 CT10
Presentación	Presentación oral dun traballo individual cuxo tema se acordará previamente coa docente	30	CB4 CB5		CE1	CT2
Traballo tutelado	Presentación dun traballo escrito sobre un tema relacionado coa materia.	30	CB1 CB4 CB5	CG9	CE1 CE20	CT2 CT10 CT11

Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame: pregunta(s) aberta(s) sobre un tema do programa	10	CB2 CB5	CG1	CE2	CT10
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame: preguntas breves sobre aspectos concretos do programa	10	CB2 CB5	CG1	CE2	CT10

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Todas as alumnas e alumnos, tanto de réxime presencial como semipresencial, serán avaliados co sistema de **avaliación continua**, que require a presentación de dous exercicios breves -un deles poderá ser oral- (10%) e un traballo escrito (30%), unha presentación oral (30%) e un exame (30%). Neste exame, que terá lugar na data prevista no calendario oficial da Facultade, concéntranse as partes da avaliación definidas como "exame: preguntas abertas", "exame: preguntas breves" e "exame: exercicios, actividades e problemas".

Non se esixe asistencia a clase, aínda que se recomenda a todo o alumnado, presencial e semipresencial, que asista na medida das súas posibilidades.

A entrega do traballo tutelado se programará para a terceira semana de novembro (23-27).

As presentacións orais terán lugar na semana do 14 ao 18 de decembro. Estas datas son orientativas e pode ser necesario modificalas dependendo da marcha do curso; o alumnado, asista ou non a clase, debe manter o contacto coa docente e estar pendente da plataforma MOOVI para estar ao tanto das novidades ou axustes que se poidan producir.

Quen atope dificultade para respectar os prazos de entrega dos exercicios deberá contactar coa docente, que terá en consideración as circunstancias en cada caso e decidirá se procede facer algunha excepción. No caso do alumnado semipresencial, haberá flexibilidade na fixación da data para as presentacións orais.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

As alumnas e alumnos, tanto de réxime presencial como semipresencial, que non alcancen o aprobado na primeira oportunidade poderán presentarse en xullo, na data oficial correspondente, nas mesmas condicións que as que rexen para xaneiro. Isto implica que, ademais de facer o exame, terán que facer entrega do traballo tutelado e realizar unha presentación oral. Poderán entregar tamén os exercicios breves. O alumnado que se atope no caso de ter aprobada algunha proba poderá conservar as cualificacións desa parte ou partes, previo acordo coa profesora, na oportunidade de xullo.

Tanto na primeira como na segunda edición das actas, non se poderá obter a calificación de aprobado si non se alcanza un máximo de 5 puntos (sobre 10) en cada unha das partes que se indican a continuación: exame (no seu conxunto), presentación oral e traballo tutelado escrito.

Tanto nos exames como no resto dos exercicios e probas propostos se penalizarán os erros de expresión (ortografía, puntuación, incoherencias sintácticas, uso inadecuado do léxico, etc.). No caso de que se detecte copia ou plaxio nalgunha proba, esta non se puntuará.

O alumnado erasmus interesado en cursar a materia deberá ter presente que resulta altamente recomendable ter un nivel de lingua española igual ou superior a C1.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Cassany, Daniel, **La cocina de la escritura**, 21, Anagrama, 2012

Martínez de Sousa, José, **Ortografía y ortotipografía del español actual**, 3, Trea, 2014

Fernández Romero, Jose Antonio, **Manual guía atípico y sinóptico para la corrección de textos (ortografía y morfosintaxis)**, 1, Uvigo, 2012

Montolío, Estrella (coord), **Manual práctico de escritura académica**, 1, Ariel, 2000

Real Academia Española, **Ortografía de la lengua española**, 1, Espasa, 2010

Real Academia Española, **Diccionario panhispánico de dudas**, 1, Santillana, 2005

Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española, **Nueva gramática de la lengua española**, 1, Espasa, 2009

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

O alumnado debe responsabilizarse de consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC, onde a docente irá pondo á súa disposición os temas e exercicios que se vaian traballando en clase.

O alumnado semipresencial debe tomar contacto coa docente no comezo do curso, (pode ser por correo electrónico); recoméndase que asista ás sesións de titorías colectivas que a coordinación do grao planificará periodicamente. En todo caso, o alumnado debe manterse en contacto coa docente a través dos medios dispoñibles (fundamentalmente, correo electrónico e asistencia a titorías individuais).

O alumnado erasmus interesado en cursar a materia deberá ter presente que resulta altamente recomendable ter un nivel de lingua española igual ou superior a C1.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS E DA AVALIACIÓN===

Manteranse as metodoloxías, contidos, sistemas de avaliación e titorías, coa excepción de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e MOOVI).

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudiantado permanecerá na aula mentres a outra parte seguirá a docencia dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono se a ferramenta utilizada así o aconsella, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, mentres que os grupos e as quendas se adaptarán para cumprir coa normativa sanitaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Lingua portuguesa II**

Materia	Lingua portuguesa II			
Código	V01G400V01303			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	Galego Portugués			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Arias Freixedo, Xosé Bieito			
Profesorado				
Correo-e				
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	<p>Pretende-se que os(as) alumnos(as) adquiram conhecimentos intermédios de Língua Portuguesa até ao nível B1 do Marco Comum Europeu de Referência das Línguas, junto com conhecimentos sobre as culturas de expressão portuguesa no mundo.</p> <p>Aviso importante para estudantes Erasmus: O ensino de Língua Portuguesa na UVigo está dirigido a pessoas que têm o Galego e/ou o Castelhana como línguas maternas, de maneira que a progressão costuma ser rápida. Por isso, não se recomenda a inscrição a estudantes Erasmus que não tenham já um nível B1 nestas línguas e, como mínimo, um nível A2 alto em Língua Portuguesa.</p>			

Competencias

Código	
CB1	Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudiantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB5	Que os estudiantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Capacitación do estudiantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
CG4	Mellora da capacidade de comunicación en español, galego e portugués en diferentes contextos profesionais, traballando as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas.
CG6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
CG9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
CG10	Integrar coñecementos e poder desenvolver un proceso de comunicación sólido a partir dunha información que, aínda que sexa incompleta, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas ao proceso comunicativo.
CE1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
CE2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
CE15	Coñecemento das repercusións lingüísticas e interculturais do contacto de linguas.
CT1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT5	Capacidade de xerar novas ideas.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
CT10	Capacidade de análise e síntese.
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
CT12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
---------------------------	--------------

Dominio oral e escrito do idioma portugués como lingua estranxeira, chegando ao nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas (equivalente ao Diploma Intermédio de Português Língua Estrangeira, e ao Certificado de Proficiência em Língua Portuguesa para Estrangeiros).	CB1 CB2 CB5	CG1 CG4 CG6 CG9 CG10	CE1 CE2 CE15	CT1 CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 CT12
---	-------------------	----------------------------------	--------------------	--

Contidos

Tema	
Conteúdos gramaticais	Conhecimento específico do idioma referentes do nível A2 ao nível B1 do Marco Comum Europeu de Referência das Línguas.
Conteúdos lexicais	Revisão de conteúdos do curso anterior. Léxico específico do nível B1 do Marco Comum Europeu de Referência das Línguas.
Conteúdos Pragmáticos	Expressão oral e escrita do idioma (trabalhos escritos e apresentações). Compreensão oral e escrita do idioma (atividades diversas). Expressões idiomáticas.
Cultura Lusófona	Alguns aspetos pertinentes à cultura dos países lusófonos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	13	23	36
Actividades introdutorias	1	3	4
Eventos científicos	4	4	8
Traballo tutelado	12	22	34
Estudo previo	2	8	10
Presentación	2	10	12
Resolución de problemas de forma autónoma	6	12	18
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	6	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	12	14
Práctica de laboratorio	2	2	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Apresentación do programa, diretrizes a serem cumpridas no decorrer do curso. Os ALUNOS SEMIPRESENCIAIS poderão receber orientações sobre estes conteúdos nas tutorias individuais (sejam presenciais ou à distância). Indicar-se-lhes-á a bibliografia que pode substituir ou complementar essas tutorias; e disporão em Moovi de material específico.
Actividades introdutorias	Revisão do conteúdo aprendido no curso anterior. Exercícios orais e escritos. Nas tutorias, os ALUNOS SEMIPRESENCIAIS receberão indicações sobre os trabalhos que deverão realizar em vez destas atividades.
Eventos científicos	Palestras, seminários e outros eventos oferecidos na Faculdade ou em outros espaços culturais. Nas tutorias, os ALUNOS SEMIPRESENCIAIS receberão indicações sobre os trabalhos que deverão realizar em vez destas atividades.
Traballo tutelado	Trabalhos centrados na expressão oral que permitam avaliar o processo de aprendizagem do idioma. Nas tutorias, os ALUNOS SEMIPRESENCIAIS receberão indicações sobre os trabalhos que deverão realizar em vez destas atividades.
Estudo previo	Leitura de livros, contos, etc. com o propósito de incrementar o conhecimento do idioma. Apresentação, em sala de aula, do conteúdo lido. Nas tutorias, os ALUNOS SEMIPRESENCIAIS receberão indicações sobre os trabalhos que deverão realizar em vez destas atividades.
Presentación	Apresentações de trabalhos sobre aspetos da cultura lusófona. Nas tutorias, os ALUNOS SEMIPRESENCIAIS receberão indicações sobre os trabalhos que deverão realizar em vez destas atividades.
Resolución de problemas de forma autónoma	Exercícios gramaticais para comprobar o grau de aprendizagem do idioma.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Trabalho tutelado Trabalhos desenvolvidos com foco especial na expressão oral. Atenção personalizada em tutorias tanto individuais como em grupo. Para além do seguimento presencial, oferecer-se-á também, mediante comunicação eletrónica, atenção para assuntos que não possam ser resolvidos presencialmente ou que, pela sua natureza, possam ser tratados de modo mais eficaz eletronicamente. No caso dos alunos semipresenciais, oferecer-se-á atenção personalizada mediante comunicação eletrónica (correio eletrónico, plataformas docentes, videoconferência, etc.), mas recomenda-se recorrer à comunicação presencial sempre que seja possível.

Presentación Apresentações com o objetivo de verificar o trabalho autónomo do aluno ao investigar temas propostos pelo professor. Atenção personalizada em tutorias tanto individuais como em grupo. Para além do seguimento presencial, oferecer-se-á também, mediante comunicação eletrónica, atenção para assuntos que não possam ser resolvidos presencialmente ou que, pela sua natureza, possam ser tratados de modo mais eficaz eletronicamente. No caso dos alunos semipresenciais, oferecer-se-á atenção personalizada mediante comunicação eletrónica (correio eletrónico, plataformas docentes, videoconferência, etc.), mas recomenda-se recorrer à comunicação presencial sempre que seja possível.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Prova de contéudo especificamente gramatical e lexical.	15	CB2 CB5	CE15
Exame de preguntas de desenvolvemento	Prova em que a/o estudante demonstrará a sua capacidade de comprensión de um texto escrito e/ou oral em língua portuguesa, a sua capacidade de argumentar, assim como a sua competência escrita e/ou oral em língua portuguesa.	50	CB1 CB2 CB5	CG1 CE15
Práctica de laboratorio	Prova oral, apresentação de trabalhos, etc.	35	CB1 CB2 CB5	CG1 CE15

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os(as) alunos(as) deverão escolher, de forma obrigatória, nas duas primeiras semanas do quadrimestre em questão, entre duas opções: um sistema de avaliação contínua (cf. supra descrição em "avaliación") ou um sistema de avaliação única.

